



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE SETEMBRO DE 2020

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a rehabilitación de edificios que compoñen o conxunto Pardiñas, e ampliación de vivenda con nova edificación en lugar de Pardiñas, 16. LIC/923/2019. Acórdase aceptar a cesión de viario e conceder a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao rexeitamento do recurso de reposición presentado contra a concesión da licenza concedida na sesión de data 15/06/2020 para a restauración da Canteira Monte de Santa Mariña, 65. LIC/1778/2015. Acórdase rexeitar o recurso de reposición e conceder a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a fundación USC deportiva para financiamento do programa "Actividades ocio e tempo libre verán Campusc 2020". Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o concello de Santiago de Compostela e a Fundación Universidade de Santiago por unha contía de **9.000 euros**.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á declaración patrimonial de bens móbiles. Acórdase declarar como bens patrimoniais pertencentes ao Concello a relación de bens que figuran no informe da Sala Retiro, dos que se levou a cabo o procedemento previsto para localizar aos seus donos ou atribuílos ás persas que os atoparon e entregaron, sen éxito. Corresponden a bens entregados nas dependencias da Policía Local, e que foron custodiados por ela dende o ano 1992 ao 2010, tendo transcorrido, con creces o prazo de dous anos para que se procedese á súa reclamación.

6.- Convalidación de gastos de contratos menores. Apróbase a convalidación de gastos, correspondentes a contratos menores, por un importe total de **4.816,3 euros**.

7.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito por importe de 7.355,24 euros e relativos a:

- Gastos por prestación do servizo de obradoiros nos Centros Socioculturais no período do 1 ao 12 de marzo e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 730,95 euros a favor de varios provedores.
- Gastos por prestación do servizo de alugueiro dos locais ocupados polos servizos de parques e xardíns, e obras e bombeiros na estación de autobuses, correspondentes ao mes de xuño de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 6.624,29 euros a favor da Sociedade Municipal de Xestión de Transporte Urbano.

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda e Contratación relativa á devolución da fianza das obras de "Ampliación de rede de Abastecemento nos Lugares de A Susana e Marrozos, incluída no FES 2010". (65/2010). Autorízase a devolución da fianza constituída por OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA), por importe de **12.929,78 euros**, para responder do contrato de "Ampliación de rede de abastecemento nos lugares de A Susana e Marrozos, incluída no FES 2010".

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda e Contratación relativa á devolución da fianza das obras de "Ampliación de rede de Abastecemento nos Lugares de A Susana e Marrozos, incluída no FES 2010". (125/2010). Autorízase a devolución da fianza constituída por OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA), por importe de **2.580,10 euros**, para responder do contrato de "Ampliación de rede de abastecemento nos lugares de A Susana e Marrozos, incluída no FES 2010".

10.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda e Contratación relativa á devolución da fianza do contrato de "Subministro e montaxe de neumáticos, equilibrados de rodas e alineacións de dirección para os diferentes vehículos adscritos ao Parque Móbil do Concello de Santiago". CON/68/2014. Autorízase a devolución da fianza constituída por NEUMÁTICOS PÁJARO SL, por importe de **1.237,6 euros**, para responder do contrato de "Subministro e montaxe de neumáticos equilibrados de rodas e lineacións de dirección para os diferentes vehículo adscritos ao parque móbil do concello de Santiago".

11.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á prórroga do contrato de "Aluguer de local para uso como Centro Sociocultural na zona da Almendra Histórica", na rúa Santa Cristina, 22-baixo. Acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local de 90 metros cadrados, sito na Rúa Santa Cristina, 22 baixo, para uso sociocultural do Casco Histórico, polo prazo de seis meses a contar desde o 1 de outubro de 2020 ata o 31 de marzo de 2021 por un importe mensual de 953,82 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á adxudicación do contrato de "Execución das obras definidas no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI". CON/3/2020. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor de UTE XAC-OREGA (UTE CONCHEIROS) por un importe total de **2.170.872,18 euros** (IVE engadido - 1.794.109,24 euros máis 21% de IVE que ascende a 376.762,94 euros), por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á adxudicación do contrato de "Dirección Facultativa (Dirección de Contrato de Obras, Dirección de Obras, Dirección de Execución de Obras, Dirección de Execución de Instalacións e Coordinación de Seguridade e Saúde) das obras definidas no proxecto denominado "ACTUACIÓNS NO CAMIÑO FRANCÉS - REMODELACIÓN DA RÚA CONCEIROS". CON/12/2020. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor de UTE CONCEIROS (constituída por Estudio Técnico Gallego SA, Eduardo Cruz, INOUS Exeñería Global, Mónica María Balado) por un importe de **156.916,79 euros**. (IVE engadido - 129.683,3 euros máis 21% de IVE que ascende a 27.233,49 euros), por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á adxudicación do contrato de "Execución das obras recollidas no "Proxecto de rehabilitación enerxética de inmobles de titularidade municipal". CON/24/2020. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor de IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, por un importe total de **404.314,48 euros** (IVE engadido - 334.144,2 euros máis 21% de IVE que ascende a 70.170,28 euros), por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

15.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a asociación MEDICOS DEL MUNDO 2020. Aprobación do texto do convenio coa Asociación Médicos do Mundo, que recolle unha subvención nominativa por valor de **10.000 euros** a favor da citada entidade para o ano 2020, co obxecto de subvenionar parte dos gastos necesarios para que a asociación desenvolva o programa de actividades para a poboación inmigrante retornada do Concello de Santiago denominando "Proxecto de Migracións, mobilidade e dereito á saúde na crise COVID-19: achegamento ao sistema sanitario para persoas migrantes desde unha perspectiva de DDHH e xénero".

16.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a CRUZ ROJA ESPAÑOLA para 2020. Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o concello de Santiago de Compostela e Cruz Vermella Española por unha contía de **75.000 euros**, para o desenvolvemento das actividades dos seguintes programas: Enrédade, Teleasistencia domiciliar e Atención ás persoas sen fogar.

17.- Proposta da alcaldía relativa á resolución da convocatoria de axudas para a mellora e innovación do comercio local. Programa COIDAR PARA MELLORAR 2020. Acórdase conceder as axudas para a mellora e innovación do comercio local do programa "Coidar para mellorar, anualidade 2020" por un **importe total de 225.762,71 euros**.

Estas subvencións divídense nas seguintes liñas:

1. Liña A. Investimentos para a adecuación dos locais. A suma total das axudas é de 116.124,2 euros, que se repartirán entre 54 solicitudes.
2. Liña B. Gastos de comunicación realizada en lingua galega. suma total das axudas é de 23.040 euros, que se repartirán entre 25 solicitudes.
3. Liña C. Gastos na adecuación dos negocios e servizos profesionais relacionados coa innovación ou coa recuperación económica. A suma total das axudas é de 92.530,41 euros, que se repartirán entre 47 solicitudes.

Dez empresas das que se presentaron (que suman axudas por importe de 5.931,9 euros), está pendentes de presentar a documentación requirida por parte do concello. Son empresas que nalgunha das liñas de axuda estaba na listaxe de agarda, e agora, ao dispór de crédito sobrevido, son susceptibles de seren beneficiarias. De seren incluídas nas liñas de subvención que demandaron, **o importe total das axudas ascendería a 231.694,61 euros**.

18.- Dar conta de sentenzas. Dase conta das seguintes sentenzas:

- Sentenza 131/2020, favorable ao concello, que desestima o recurso interposto por unha particular á que se lle impuxera unha sanción de tráfico.
- Sentenza 123/2020, favorable ao concello, que desestima o recurso interposto por un particular contra unha sanción de tráfico.

19.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta.